

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

*EXTRACTO da Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a escrita de guións audiovisuais e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404G).*

BDNS (Identif.): 734593.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

a) As persoas físicas que poidan acreditar a súa vinculación previa coa realización dunha obra audiovisual ou formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a súa participación en cursos ou obradoiros relacionados coa creación audiovisual e desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia. Ademais, non poderán figurar como directores/as ou guionistas de series para TV ou asinar a autoría de máis de dúas longametraxes que figuren cualificadas na base de datos do ICAA para a súa estrea comercial.

b) As persoas físicas (autónomas) que se encontren de alta na epígrafe do IAE 864 no momento de presentar a solicitude, desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia e que acrediten ter participado como guionista.

Así mesmo, poderán ser persoas beneficiarias desta subvención as agrupacións de dúas persoas físicas sempre que ambas se poidan encadrar na mesma tipoloxía de persoas beneficiarias descritas nos puntos anteriores e non constitúan personalidade xurídica.

Segundo. *Finalidade*

Promover a escrita de guións orixinais ou adaptacións literarias, en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, para longametraxes cinematográficas de ficción ou animación e series de ficción para televisión, de autoría galega, que



permitan seguir impulsando un marco de actuación cultural do sector audiovisual baseado en tres premisas substanciais:

a) O apoio á creación de contidos audiovisuais de calidade e con vocación de difusión internacional.

b) A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e dar rendibilidade social e económica á cultura galega.

c) A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos.

#### Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a escrita de guións audiovisuais e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404G).

#### Cuarto. *Importe*

O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria será de 270.000 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 10.A1.432B.470.0 e 10.A1.432B.480.0 do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2024, código de proxecto 2023 00003.

#### Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

Román Rodríguez González  
Presidente do Consello Reitor  
da Axencia Galega das Industrias Culturais

